







ENCUADRO DO CONCELLO	TIPO DE ESTUDIO
CONCELLO	PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN
CERDEDO-COTOBADE	CONCELLO
Pontevedra	Cerdeo-Cotobade
PROVINCIA	Pontevedra
TITULO	
RECUPERACIÓN DE ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS, NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADO (PONTEVEDRA)	
DOCUMENTOS	
<b>TOMO ÚNICO</b>	
MEMORIA, PLANOS, PREGO DE P. T. P. E ORZAMENTO	
ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO	
ÓSCAR ANDRÉS GONZÁLEZ ARIAS	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (cont. IVE)
226.751,86 €	326.500,00 €
DATA	CONSULTOR / EQUIPO REDACTOR
SETEMBRO 2024	 CONSULTORÍA INRUPRE S.L.
EXEMPLAR	01

O Concello de Cerdedo-Cotobade ven de contratar a redacción do proxecto para a RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS ao abeiro da Subvención obtida da Deputación Provincial de Pontevedra para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da REDE ÁGORA dos que o noso concello forma parte.



A solución adoptada implicaría:

- Superficie peonil actual: 165 m<sup>2</sup>.
- Superficie total do ámbito: 885 m<sup>2</sup>.

Preténdese xerar unha superficie de uso peonil: 690,00 m<sup>2</sup>, sobre o total de (885,00 m<sup>2</sup>), o cal implica un aumento do 77.96% da superficie dedicada ao peón.

As obras inclúen a mellora da eficiencia enerxética co emprego da tecnoloxía led, no alumado do ámbito.

As unidades máis importante do proxecto que definen o aumento da superficie dedicada ao peon, son:

- Demolición do firme bituminoso para a creación dunha nova plataforma formada pola seguinte sección (15cm de saburra artificial + 10 cm de base de formigón HM-20 + Morteiro de cemento + lousa granítica rectangular dimensión 80x40 x8, de cor, acabado labrado abuxardado fino) con xuntas de lousa de granito de dimensión 20x10x10 abuxardado. As obras inclúen a mellora da eficiencia enerxética co emprego da tecnoloxía led, no alumado do ámbito.
- Colocación nas zonas de esparcemento e bordes de actuación de pavimento formado por (15cm de saburra artificial + 10 cm de base de formigón HM-20 + Morteiro de cemento + lastro granítico dimensión 10x10x10, de cor, acabado labrado abuxardado fino).
- Reposición do vial de acceso o núcleo de A Vila de Abaixo mediante pavimento de formigón HP-40 armado con mallazo de 15x15x6mm acabado cepillado.